

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondente. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023-2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

A presente programación vaise desenvolver nun centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) situado na parroquia de Beluso, no Concello de Bueu, provincia de Pontevedra. Dito centro é de liña 1. Por tal motivo, o centro está composto por un edificio con espazos diferenciados para as dúas etapas que nel se imparten.

O horario do centro é de xornada continua de 9:00 a 14:00. Tamén cabe sinalar que o centro conta co servizo de transporte e comedor escolar.

En relación ao profesorado, cabe destacar que hai un total de 15 docentes, incluíndo ás profesoras de Educación Infantil, as profesoras de Educación Primaria, os especialistas e o equipo de orientación.

Centrándonos na idade á que vai dirixida esta programación, en 1º de EP, o alumnado está en plena fase de maduración cognitiva, sendo capaces de desenvolver un pensamento lóxico sobre os obxectos físicos. Neste período comezan a diferenciar os cambios que se producen na súa contorna.

O 1º nivel da Educación Primaria neste centro está formado por un total de 20 alumnos e alumnas, dos cales 10 son nenas e 10 son nenos. A lingua predominante no grupo-aula é o castelán, sendo competencia do centro que ao final da etapa acaden as competencias en ámbalas dúas linguas oficiais.

En canto ao alumnado, os alumnos e alumnas que forman parte deste centro, proceden na súa maioría de zonas próximas ao centro. Pertencen, así mesmo, a un grupo social de clase media. Trátase dun total de 113 alumnos e alumnas.

Estes os recursos cos que contamos, tanto espaciais como persoais, permitirán traballar de forma interdisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "ciencia e tecnoloxía"; o bloque número 2, "o mundo e o desenvolvemento sostible"; o bloque número 3, "vivir en sociedade"; e o bloque número 4, "leccións do pasado".

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no apartado 3.

O pasado curso decidiuse traballar co material impreso COMUNIDADE ZOOM, da editorial Vicens Vives. Será a utilización deste recurso a que define a nosa secuenciación e temporalización de unidades didácticas e situacións de aprendizaxe. Isto non suporá prexuízo algún nas posibles modificacións que se realicen durante o curso, como as medidas de atención á diversidade ordinarias, e que servirán para dar resposta á realidade educativa e posibles necesidades do alumnado que conforma o noso grupo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aquí vivo eu!	Unidade centrada nos contextos máis próximos do alumnado. Os saberes básicos céntranse nos aspectos máis significativos sobre o colexio, a localidade, a comunidade educativa, a diversidade familiar, as normas, os dereitos da infancia e a amizade.	16	13	X		
2	Pinga a pinga	Preséntanse aspectos significativos sobre a importancia da auga e o seu uso sostible.	17	14	X		
3	Ao mal tempo , boa cara!	Unidade que trata sobre o tempo meteorolóxico e algún dos seus elementos, coma o vento, a neve e instrumentos que se usan para medir estes elementos.	17	12		X	
4	Unha fermosa paisaxe	Unidade que busca acadar aprendizaxes das características da paisaxe e os elementos naturais e humanos das mesmas.	17	12		X	
5	Rumbo ao espazo!	Unidade que trata os aspectos máis significativos sobre o O Sistema Solar a Lúa e os movementos.	17	10			X
6	O paso do tempo	Unidade que trata os aspectos máis significativos sobre o pasado, presente e	16	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	O paso do tempo	futuro; o paso do tempo nas persoas; o gozo dos lugares onde poder coñecer ese tempo.	16	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aquí vivo eu!	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación	TI	100
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas. Saber a súa función.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas como peóns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.

Contidos

- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.
- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.
- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	Pinga a pinga	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre os elementos e recursos do medio. Recoñecer a importancia da auga na Natureza.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas como peóns.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.
- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.
- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana

Contidos

- sobre o medio e as súas consecuencias.
- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.
- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.
- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.

UD	Título da UD	Duración
3	Ao mal tempo , boa cara!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.	TI	100
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre os elementos e recursos do medio.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas como peóns.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.

Contidos

- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.
- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.

UD	Título da UD	Duración
4	Unha fermosa paisaxe	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación. Distinguir características das distintas paisaxes naturais.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.
- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.
- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.
- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.
- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
5	Rumbo ao espazo!	10

Critérios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural. Relacionar elementos do Universo coa nosa realidade.	TI	100
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.
- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana

Contidos

- sobre o medio e as súas consecuencias.
- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.
- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.

UD	Título da UD	Duración
6	O paso do tempo	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.	TI	100
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Coñecer feitos da contorna ao longo do tempo.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Recoñecer outras formas de vida ao longo do tempo. Saber algunha persoa relevante da Historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.
- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.
- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.
- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.
- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.
- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partiremos do nivel do desenvolvemento psicoevolutivo e do nivel de coñecementos do noso alumnado, co que é esencial a realización dunha avaliación inicial.

Dende o punto de vista da metodoloxía ponse o foco nos seguintes aspectos:

Educación integral orientada a formar persoas indagadoras, reflexivas, críticas, creativas e respetuosas.

Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social.

Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial.

Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización para que responda á diversidade de realidades educativas.

Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.

Enfoque multidisciplinar que contribúan a unha aprendizaxe profunda.

Realizaremos tarefas que contextualicen os contidos traballados, suscitando o interese do alumnado mediante actividades lúdicas, adaptadas ao seu nivel de desenvolvemento e despertando a súa curiosidade.

Apoiaremos visualmente as explicacións mediante imaxes, vídeos, esquemas e mapas conceptuais.

Traballaremos coa gamificación para motivar ao noso alumnado, sabendo que o xogo é unha actividade motivadora e que promove a creatividade. Temos distintos recursos que se adaptarán aos contidos traballados nas unidades (bingo, ruleta, dianas, paus de golf, canastas, etc.).

As TIC, ademais de estar presentes no currículo desta área no Bloque B1 (Ciencia e tecnoloxía), serán un formato máis para presentar as actividades, permitindo ao alumnado desenvolver a Competencia Dixital e servindo de soporte interactivo de aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro do alumnado " COMUNIDADE ZOOM""
Libro dixital
iPad
Xogos (canastas, ruletas, dianas, paus de golf, etc...)
Material de elaboración propia: reforzo e ampliación
Material funxible
Libros da biblioteca de aula e de centro
Laboratorio
Calquera outro que atenda ás necesidades educativas do alumnado e sexa coherente coas propostas ofertadas.

Expóñense neste apartado os materiais e recursos didácticos cos que se traballará a area de Ciencias Sociais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso.

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Realizárase unha avaliación inicial na cal se pedirá ao alumnado:

- Identificar obxectos pertencen ó colexio.
- Identificar membros da familia.
- Relacionar instrumentos con profesiones.
- Coñecer roupa propia según a estación.

Mediante esa avaliación , a revisión dos informes da etapa de educación infantil e entrevistas iniciais con familia valoraremos se existen dificultades no grupo-clase para elaboración das medidas oportunas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	17	17	17	16	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación. No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas: * 1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6). * 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7) Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para calificar ao alumnado. A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso. Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación de calidade	X					
ET.2 - Cidades sostibiles		X		X		
ET.3 - Acción polo clima			X			
ET.4 - Auga limpa e saneamento		X		X		
ET.5 - Cidades e comunidades sostibiles					X	
ET.6 - Vida submarina		X				

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída á contorna	Actividade de recollida de follas e observación da flora en outono.	X		
Día Universal da Infancia	Conmemoración do día Universal da Infancia. 20 de novembro->21 de novembro.	X		
Día Internacional contra a Violencia de Xénero	Conmemoración do día Internacional contra a Violencia de Xénero. 25 de novembro.	X		
Constitución e Estatuto de autonomía de Galicia	Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022.	X		
Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos	Conmemoración do Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 10 de decembro.	X		
Día Internacional da Educación	Conmemoración do Día Internacional da Educación. 24 de xaneiro.		X	
Día Escolar da non Violencia e da Paz	Conmemoración do Día Escolar da non Violencia e da Paz. 30 de xaneiro.		X	
Día de Rosalía de Castro	Conmemoración do Día de Rosalía de Castro. 23 de febreiro.		X	
Día Internacional da Muller	Día Internacional da Muller		X	
Saída	Visita a un museo con exposicións de escultura. 2º Trimestre.		X	
Día Mundial dos Dereitos do Consumidor	Conmemoración do Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. 15 de marzo.		X	
Semana da Prensa	Conmemoración da semana da prensa. Un día desta semana traballaremos na aula con xornais. Do 6-10 marzo.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día das Artes Galegas	Conmemoración do día das Artes Galegas. 1 de abril.			X
Semana do libro	Conmemoración da Semana do Libro. 17-21 de abril.			X
Día Internacional contra o Acoso Escolar	Conmemoración do Día Internacional contra o Acoso Escolar. 2 de maio.			X
Saída	Visita a un museo con exposicións de pintura. 3º trimestre.			X
Día de Europa	Conmemoración do Día de Europa. 9 de maio.			X
Semana das Letras Galegas.	Conmemoración das Letras Galegas. 15-19 maio.			X
Día Mundial do Medio Ambiente	Conmemoración do Día Mundial do Medio Ambiente.			X
Saída	Xogos e deporte na praia. 3º trimestre.			X

Observacións:

As actividades complementarias poderían variar segundo necesidades e disposición.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Regulación da práctica docente: grao de seguimento do alumnado, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores.
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer ao alumnado e as familias.
Metodoloxía empregada
Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinariedade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interés para o alumnado, importancia para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa.
Medidas de atención á diversidade
Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofrécense resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores: 1. Responder as características do alumnado da aula. 2. Resultar útil para o uso docente na aula. 3. Seguimento da temporalización. 4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados. 5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo. 6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia. 7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento. 8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora. 9. Realizar revisións periodicamente. 10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo. 11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias. Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer: - Unha modificación da metodoloxía empregada. - Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación. - Modificacións na temporalización. - Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades

9. Outros apartados